

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 101 - Administración de empresas
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACION

DATA PUBLICACIÓN: [12/06/2021]

Para todas as quendas: Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente, avaliarase a aptitude pedagóxica dos opositores e opositoras e o seu dominio técnico do exercicio docente, avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita e as probas poderán realizarse en galego ou castelán

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA PRIMEIRA PROBA: O exame práctico (parte A) consistirá no desenvolvemento dunha opción de dúas pechadas planteadas polo tribunal. Cada opción consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios ou supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos establecidos no Anexo VI da orde de 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan os procedementos selectivos (DOG nº50 de 13 de marzo de 2020). Os opositores que participen pola quenda E tamén terán que realizar esta parte da proba. No tema (parte B) avaliarase a demostración dos coñecementos específicos, científicos e técnicos propios dun tema escollido polo/a aspirante de entre cinco sorteados do temario. É imprescindible alcanzar o 25% da puntuación máxima de cada unha destas partes para superar a primeira proba. A nota desta primeira proba será conxunta, sendo necesario acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 60% para o práctico (parte A) e 40% para o tema (parte B)

PRIMEIRA PARTE DA PRIMEIRA PROBA-PARTE PRÁCTICA. CRITERIOS ESPECÍFICOS. Rigor no desenvolvemento do exercicio práctico: Presenta unha estrutura coherente, presentación clara e correcta expresión gramatical, xustifica o exercicio no marco teórico aplicado para a súa resolución; Coñecemento científico da especialidade: utiliza a terminoloxía e conceptos adecuados, domina as ferramentas e instrumentos específicos necesarios para a resolución dos exercicios propostos, coñece os conceptos e normas legais aplicables aos casos plantexados; Dominio de habilidades técnicas da especialidade: aplica as técnicas e procedementos adecuados para resolver os problemas, estrutura os pasos para a resolución da proba de forma lóxica e coherente; Resolución do exercicio e resultados obtidos: a resolución do exercicio é consecuencia do procedemento aplicado, o resultado do exercicio é correcto, está debidamente xustificado e as conclusións son correctas.

SEGUNDA PARTE DA PRIMEIRA PROBA-PARTE TEÓRICA. CRITERIOS ESPECÍFICOS. **ESTRUTURA DO TEMA:** Índice, introducción do tema, organización lóxica dos contidos, xustificación do tema, desenvolvemento de todo os apartados e co nivel académico axeitado sendo equilibrado o tratamento de todas as partes propostas polo opositor, elabora unha conclusión dacordo co desenvolvemento do tema, utiliza referencias bibliográficas e lexislativas; **EXPRESIÓN E PRESENTACIÓN:** Fluidez en redacción e adecuada expresión escrita, riqueza e corrección léxica e gramatical, limpeza e claridade, orde, e escritura lexible, non se aprecian contradicións na expresión que poidan evidenciar unha lectura non literal do tema; **CONTIDOS ESPECÍFICOS DO TEMA E ORIXINALIDADE:** nivel de profundización e actualización dos contidos, ilustra os contidos con exemplos, gráficos, etc, os contidos están actualizados e axustados ao tema, desenvolve os contidos a nivel científico argumentando e interrelacionando ideas e

contidos, secuencia lóxica, ordenada e coherente da exposición, despréganse formulacións e argumentos orixinais e innovadores.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DA SEGUNDA PROBA (D e L): Avaliarase a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas docentes; Na programación avaliarase a pertinencia da contextualización e concreción de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía, temporalización, materiais e recursos a utilizar, criterios de avaliación e cualificación, e resultados de aprendizaxe avaliábeis, así como a atención ao alumnado con NEAE. Asemade avaliarase a proposta de avaliación da propia programación. Tamén poderse avaliar a relación da programación con outros documentos do centro; Na unidade didáctica avaliarase a pertinencia de obxectivos de aprendizaxe, contidos a desenvolver e metodoloxía empregada, actividades de ensinanza-aprendizaxe, procedementos de avaliación e cualificación e propostas de atención á diversidade. A nota desta segunda proba será conxunta, sendo preciso acadar como mínimo unha nota igual ou superior a 5 puntos, ponderándose 40% a programación e 60% a unidade didáctica. Avaliarase a calidade expositiva e a expresión oral. As programacións serán avaliadas consonte os curriculos aprobados polas normas que se mencionan na base 13. 4 da orde do 24 de febreiro. Cando se fagan referencias á normativa en vigor, debe terse en conta que na realización deste proceso selectivo, de conformidade coa disposición final 5ª da Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, están vixentes desta lei: a participación e competencias do Consello Escolar, Claustro e dirección, a autonomía dos centros docentes, a selección de dirección e a admisión de alumnado. Cando se cite a orde de calendario, a que se considerará será a do curso 20/21. Tampouco será obxecto de consideración, a normativa coxuntural orixinada pola pandemia da covid-19. Calquera outra normativa a considerar, como por exemplo, aulas dixitais, será a vixente no momento da realización das probas